

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MAR

EXTRACTO da Orde do 9 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para tripulantes de buques pesqueiros, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e se convoca para o ano 2020 o devandito procedemento, tramitado como expediente anticipado de gasto (código de procedemento PE119A).

BDNS (Identif.): 487320.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Poderán ser persoas beneficiarias das subvencións, sen prexuízo de reuniren os demais requisitos establecidos nestas bases, os pescadores enrolados en buques pesqueiros ou, segundo o caso, con titulación que permita desenvolver a actividade pesqueira.

Segundo. *Finalidade*

As axudas terán como finalidade:

A primeira adquisición dun buque de pesca.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 9 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para tripulantes de buques pesqueiros, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e se convoca para o ano 2020 o dito procedemento, tramitado como expediente anticipado de gasto (código de procedemento PE119A).



Cuarto. *Importe*

Para o ano 2020, as axudas concederanse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias que figuran dotadas no orzamento de gastos da Consellería do Mar para o ano 2020; o importe total máximo das subvencións que se concedan no dito exercicio orzamentario é o seguinte:

Aplicación orzamentaria: 15.02.723A.780.0. Importe: 205.971,07 €, para a adquisición dun buque de pesca.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Un mes contado desde o día seguinte ao da publicación da orde.

Entenderase como último día do prazo para a presentación de solicitudes o correspondente ao mesmo ordinal do día da súa publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2019

M^a Isabel Concheiro Rodríguez-Segade
Secretaria xeral técnica da Consellería do Mar

